***DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)***

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 25 de marzo do 2019, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**"ASUNTOS DE URXENCIA**

**A)CORRECCIÓN ERROS NA ACTA DA XGL DE DATA 18.03.2019 (APROBACION BASES E CONVOCATORIA TRABALLADORA SOCIAL**

Antecedentes administrativos

1º.- Por acordo de XGL de data 18/03/2019 acordouse:
APROBAR AS BASES E CONVOCATORIA PARA UNHA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL
2º.- Advertiuse un erro de transcripción no acordó, en concreto no anexo que recolle o temario das bases, pois os tema 25 .Coordinación nos servizos sociais comunitarios básicos. Funcións, reponsabilidades do coordinador. Componentes principais das función da figura da persoa coordinadora, non debería figurar.
Lexislación aplicable
_ Constitución Española de 1978.
_ Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
_ Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL).

Informe Xurídico

Primeiro.- Constatado erro de transcrición na resolución que nos ocupa conforme ó indicado nos antecedentes administrativos.
Procede acordar a corrección de erros indicada.
Tamén en aras da máxima transparencia e do intento de garantir en todo caso os dereitos dos posibles aspirantes as prazas que nos ocupan, unha vez acordada a corrección de erros que nos ocupa publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello as bases coa corrección que nos ocupa.

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Proceder a corrección de erros de transcrición conforme ó artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común na acta de de XGL de data 18/03/2019 CONTRATACIÓN E SERVIZOS.
30.-APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PARA UNHA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL

De modo que logo da correeción que nos ocupa no anexo que recolle o temario das bases, deixede figuar o tema 25 .Coordinación nos servizos sociais comunitarios

básicos. Funcións, responsabilidades do coordinador. Componentes principais das función da figura da persoa coordinadora.

SEGUNDO.- En aras da máxima transparencia e do intento de garantir en todo caso os dereitos dos posibles aspirantes as prazas que nos ocupan, unha vez acordada a corrección de erros que nos ocupa publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello as bases coa corrección que nos ocupa.

Terceiro.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación."

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Asinado na data da sinatura dixital

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300038FE600F0L2D9R2Q3P8 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMAS Y FECHAS<br>JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 25/03/2019<br>JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 25/03/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/03/2019 14:21:42 | DOCUMENTO: 20190233446<br>Fecha: 25/03/2019<br>Hora: 14:21 |
|---|---|---|